




ÁMBITO ARTÍSTICO

*Borders and Prints: Inspired by Islamic
Art from Granada: Arte islámico,
xeometría e técnicas de estampación.*



1.-IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA: Borders and Prints: Inspired by Islamic Art from Granada: Arte islámico, xeometría e técnicas de estampación.

ETAPA: PRIMARIA

NIVEIS: 3º E 4º

ÁMBITO / ÁREAS: Ed. Artística (plurilingüe)

PROFESORADO: Malena Casal

DESCRICIÓN DA TAREFA: Introducir aos estudantes no arte xeométrico islámico a través do estudo das cenefas presentes na arquitectura, especialmente na Alhambra de Granada, e aplicar estes coñecementos na creación de cenefas xeométricas propias, utilizando a técnica de estampación con plantillas de gomaeva.

XUSTIFICACIÓN: O estudo da arte xeométrica islámica proporciona unha oportunidade única para explorar patróns matemáticos e a súa aplicación na arte e na arquitectura. Esta unidade didáctica busca introducir aos estudantes neste fascinante aspecto da arte islámica a través da análise de cenefas presentes na arquitectura, especialmente na Alhambra de Granada. A aplicación práctica da técnica de estampación con plantillas de gomaeva permitirá aos estudantes experimentar coa creación dos seus propios deseños xeométricos inspirados nesta tradición artística. Ao traballar en equipos para crear as cenefas, os estudantes aprenderán a colaborar, compartir ideas e resolver problemas de forma conxunta, fomentando así o traballo en equipo e as habilidades sociais.

En resumo, esta tarefa non só enriquece a experiencia de aprendizaxe dos estudantes iniciarse no debuxo xeométrico, senón que tamén lles ofrece unha oportunidade para desenvolver habilidades artísticas, técnicas e sociais importantes. Sen esquecer o enfoque CLIL da materia, a través do cal o alumnado integrará novo vocabulario en inglés.

CONTEXTO: Este taller levarase a cabo na Aula de Plástica durante unha xornada lectiva de 4 horas cos seus correspondentes descansos (merenda, recreo, hora de ler). O alumnado estará distribuído en 5 mesas de 4 alumnos. Os agrupamentos serán heteroxéneos con alumnado de 3º e 4º de E.P.

2.- CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / INDICADORES	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1. Introducción e contextualización: Presentación da tarefa	<p>CA1.1. Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.</p> <p>CA1.2. Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico básico destas.</p> <p>CA1.4. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.</p> <p>CA1.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.</p>	Observación directa
2. Debuxo de patróns xeométricos inspirados nas	<p>CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.</p>	Rúbrica



<p>imaxes vistas</p>	<p>CA2.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.</p> <p>CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.</p>	
<p>3. Creación de plantillas de gomaeva.</p>	<p>CA2.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.</p> <p>CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.</p>	
<p>4. Estampación da Cenefa</p>	<p>CA2.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.</p> <p>CA2.5. Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.</p> <p>CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.</p>	<p>Rúbrica</p>



<p>5. Reflexión final e peche da sesión</p>	<p>CA2.5. Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.</p> <p>CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.</p>	<p>Observación directa</p>
<p>CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA</p>		
<ul style="list-style-type: none"> • Introducción á arte xeométrica islámica: Contextualización histórica e características. • Conceptos básicos de xeometría: liñas, formas e ángulos. • Patróns xeométricos simples: cadrados, triángulos, círculos. Combinación dos mesmos en deseños complexos. • Visualización e análise de diferentes exemplos de alicatados con diferentes transformacións xeométricas (reflexión, rotación e traslación) e diferentes tipos de simetrías (axial e radial). • Introducción ao debuxo xeométrico a través do uso de ferramentas como regra, escuadra, cartabón e compás. • Técnica de estampación con plantillas de gomaeva. • Fomento da creatividade e a experimentación a través da aplicación de patróns xeométricos no deseño de cenefas, animando aos estudantes a explorar a súa imaxinación e expresión persoal. • Valoración do traballo en equipo como parte fundamental do proceso creativo. • Fomento da colaboración, a comunicación e a resolución de problemas de forma conxunta. • Incorporación de vocabulario específico en inglés relacionado co tema. • Uso de instrucións e rexistros en inglés durante as actividades prácticas. 		

3. SECUENCIACIÓN

ACTIVIDADE	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3
1. Introducción e contextualización: Presentación da tarefa	<p>Breve introdución sobre a arquitectura islámica.</p> <p>A través dunha dinámica de “Vexo – penso- preguntome” proxectaremos imaxes da Alhambra de Granada e de diferentes mezquitas: Que tipo de edificio é? En que país se atopa?</p> <p>Vocabulario en inglés relacionado.</p>	<p>Visualización de imaxes de alicatados, especialmente da Alhambra, destacando as súas características xeométricas.</p> <p>Discusión: Que patróns xeométricos poden observar nas imaxes? De que maneira se repiten? (simetrías e transformacións)</p> <p>Vocabulario en inglés relacionado.</p>	<p>Presentación do proxecto e obxectivos.</p>
2. Debuxo de patróns xeométricos inspirados nas imaxes vistas.	<p>Cada estudante, individualmente, debuxa no seu bloc un cadrado de 10x10 cm, dentro do cal deseñará un patrón xeométrico inspirado nos alicatados analizados, utilizando ferramentas de debuxo técnico.</p>	<p>Os estudantes comparten os seus deseños de patróns individuais cos membros do seu grupo de traballo.</p>	<p>De forma cooperativa, o grupo elixe o patrón que considera máis axeitado ou interesante para a para utilizar na creación da cenefa.</p>



<p>3. Creación de plantillas de gomaeva.</p>	<p>Os estudantes trasladan o patrón do debuxo elexido a unha cartulina cadrada de 10x10 cm</p>	<p>Recortado e pegado dos trozos de gomaeva que formarán a plantilla.</p>	
<p>4. Estampación da Cenefa</p>	<p>Pintamos a plantilla con témperas de cores.</p>	<p>Estampamos a plantilla nunha tira de papel continuo e deixamos secar.</p>	
<p>5. Reflexión final e peche da sesión</p>	<p>Mostra das cenefas terminadas e pegado das mesmas no corredor.</p>	<p>Reflexión final sobre o proceso e os resultados obtidos. Que descubriron sobre a arte xeométrica islámica? Que disfrutaron máis do proxecto?</p>	<p>Recollemos e limpamos a aula de Plástica.</p>

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA				
ACTIVIDADE	LUGAR	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
1. Introducción e contextualización: Presentación da tarefa	Aula de Música	Gran grupo	<ul style="list-style-type: none"> • Pantalla e ordenador 	9:10 a 9:50 40 minutos
2. Debuxo de patróns xeométricos inspirados nas imaxes vistas.	Aula de Plástica	Traballo individual	<ul style="list-style-type: none"> • Bloc de debuxo • Lapis e goma • Regla • Escuadra e cartabón • Compás 	9:50 a 10:20 30 minutos
3. Creación de plantillas de gomaeva.	Aula de Plástica	Grupos de 4	<ul style="list-style-type: none"> • Gomaeva de diferentes cores. • Tesoiras. • Cola. 	10.20 a 11:20 60 minutos
4. Estampación da Cenefa	Aula de Plástica	Grupos de 4	<ul style="list-style-type: none"> • Tiras de papel continuo. • Témperas. • Brochas. 	12:30 a 13:00 30 minutos
5. Reflexión final e peche da sesión	Aula de Plástica	Grupos de 4	<ul style="list-style-type: none"> • Cinta adhesiva • Trapos e accesorios de limpeza. 	13:00 a 13:10 10 minutos



5.-AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
ALUMNADO (ENSINANZA- APRENDIZAXE)	ESCALA DE VALORACIÓN REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA	<p>Como?: Mediante a observación directa e sistemática.</p> <p>Quen?: A mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p>Cando?: Ao remate de cada xornada de ámbito, recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel nunha reunión de avaliación de ámbito final. Farase fincapé nos aspectos positivos.</p>
PRÁCTICA DOCENTE	FICHA RECOLLIDA DE INFORMACIÓN	<p>Como?: Cumprimentando a ficha.</p> <p>Quen?: A mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p>Cando?: Ao remate de cada xornada de ámbito, recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbito final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos.</p>

Rúbrica de Avaliación: Deseño de patrón xeométrico ao estilo do arte islámico				
Critérios	Excelente (4)	Bo (3)	Satisfactorio (2)	Insuficiente (1)
Complexidade do Deseño	O patrón está elaborado con precisión e coherencia. As liñas e formas xeométricas están definidas con gran claridade e son perfectamente simétricas. O patrón segue os principios do arte xeométrico islámico.	O patrón está ben elaborado, con liñas e formas xeométricas claramente definidas e simétricas. A precisión e coherencia son aceptables, pero poderían mellorarse en algunhas áreas. O patrón mostra un entendemento xeral dos principios do arte xeométrico islámico.	A precisión e coherencia do patrón son insatisfactorias. As liñas e formas xeométricas non están ben definidas nin simétricas. Non se segue de forma axeitada os principios do arte xeométrico islámico.	O patrón está pouco elaborado e presenta graves problemas de precisión e coherencia. As liñas e formas son confusas e non se atopa simetría nin claridade no deseño. Non se observa ningunha evidencia de entendemento dos principios do arte xeométrico islámico.
Orixinalidade e Creatividade	O patrón presenta un enfoque altamente orixinal e creativo, coa incorporación de elementos únicos e persoais. O deseño é fresco, innovador e destaca pola súa creatividade.	O patrón é orixinal e mostra un certo grao de creatividade. Hai algún elemento único ou persoal, pero o deseño podería ser máis innovador e creativo.	O patrón carece de orixinalidade e creatividade. Non hai elementos únicos ou persoais, e o deseño é moi xeral e pouco inspirado.	O patrón é totalmente derivado ou copiado sen ningún intento de orixinalidade ou creatividade. Non se observa ningunha forma de expresión persoal ou innovación no deseño.
Habilidade no uso de Ferramentas de Debuxo	O patrón está moi ben elaborado, con un uso excepcional de ferramentas de debuxo como regra, compás e outras. Os detalles e acabados son precisos e profesionais.	O uso de ferramentas de debuxo no patrón é satisfactorio, con algúns detalles e acabados precisos, pero tamén con algunhas áreas que poderían mellorarse.	Hai problemas evidentes co uso de ferramentas de debuxo no patrón, con detalles e acabados pouco precisos ou profesionais.	O uso de ferramentas de debuxo é moi deficiente, con detalles e acabados pouco claros ou mal elaborados.
Presentación e Organización	O patrón está presentado de forma impecable e ben organizada. A presentación é limpa e profesional, e o deseño está perfectamente centrado e equilibrado.	O patrón está presentado de forma aceptable, con algunha organización e limpeza. A presentación é razoablemente clara e o deseño está xeralmente centrado e equilibrado.	A presentación do patrón é pouco clara e desorganizada, con detalles confusos ou mal organizados. O deseño está desequilibrado e mal centrado.	A presentación do patrón é moi desordenada e pouco profesional. Non hai ningunha claridade ou organización, e o deseño está mal centrado e desequilibrado.

Rúbrica de Avaliación: Creación dunha cenefa a través da estampación dunha plantilla

Critérios	Excelente (4)	Bo (3)	Satisfactorio (2)	Insuficiente (1)
Elaboración da plantilla con gomaeva	A plantilla de gomaeva foi elaborada con gran precisión e habilidade por parte do grupo. As formas e os detalles son nítidos e profesionais. A plantilla é axeitada e eficaz para a estampación da cenefa.	A plantilla de gomaeva foi elaborada con precisión e habilidade por parte do grupo. A maioría das formas e detalles son claros e profesionais. A plantilla é suficientemente axeitada para a estampación da cenefa.	A plantilla de gomaeva foi elaborada con pouca precisión ou habilidade. Algúns formas e detalles son confusos ou pouco definidos. A plantilla pode ser difícil de utilizar para a estampación da cenefa.	A plantilla de gomaeva foi elaborada con moi pouca precisión ou habilidade. As formas e detalles son confusos ou mal definidos. A plantilla é inaxeitada para a estampación da cenefa.
Uso da Técnica de Estampación	A técnica de estampación foi empregada con destreza e habilidade polo grupo para crear a cenefa. As estampacións son limpas e uniformes, e o resultado final é profesional e atractivo.	A técnica de estampación foi empregada con certa habilidade polo grupo para crear a cenefa. A maioría das estampacións son limpas e uniformes, e o resultado final é aceptable e atractivo.	A técnica de estampación foi empregada con pouca habilidade polo grupo para crear a cenefa. Algúns das estampacións son irregulares ou pouco limpas, e o resultado final é mediocre.	A técnica de estampación foi empregada con moi pouca habilidade polo grupo para crear a cenefa. A maioría das estampacións son irregulares ou manchadas, e o resultado final é pouco atractivo ou pouco profesional.
Creatividade e orixinalidade na cenefa	A cenefa creada polo grupo é altamente creativa e orixinal, coa incorporación de elementos únicos e persoais. O deseño é fresco, innovador e destaca pola súa creatividade.	A cenefa creada polo grupo é orixinal e mostra un certo grao de creatividade. Hai algún elemento único ou persoal, pero o deseño podería ser máis innovador e creativo.	A cenefa creada polo grupo carece de orixinalidade e creatividade. Non hai elementos únicos ou persoais, e o deseño é moi xeral e pouco inspirado.	A cenefa creada polo grupo é totalmente derivada ou copiada sen ningún intento de orixinalidade ou creatividade. Non se observa ningunha forma de expresión persoal ou innovación no deseño.

CRITERIOS E CONTIDOS - RÚBRICA

Traballo en equipo, organización e adquisición das aprendizaxes

ITEMS		4	3	2	1	CRITERIOS DE AV.
TRABALLO EN EQUIPO	A. ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes as súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo./	LG 4º: CA2.5 LG 3º e 4º: CA2.8 LC 3º e 4º: CA2.8 EPV 3º e 4º: CA2.5, CA2.6
	B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado.	CCNN 3º e 4º: CA4.5, CA4.2 M 3º e 4º: CA2.1, CA3.1, CA6.4 EPV: 3º e 4º: CA2.3 e 2.4
	C. PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuosa e non invasiva.	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.	LG 3º e 4º: CA2.8 LC 3º e 4º: CA2.8 EPV 3º e 4º: CA2.3 e 2.4
	D. RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervén nas quendas doutras persoas.	LG 4º: CA2.5 LC 3º e 4º: CA2.4, CA2.5 EPV 3º e 4º: CA2.5, CA2.6

ORGANIZACIÓN	E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuación, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuación, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuación.	Cústalle seguir o paso a paso das actividades e cumprir os acordos do equipo.	PC 3º e 4º: CA1.1, CA1.2, CA1.4, CA1.5, CA2.1 CCNN 4º e 3º: CA4.3 EPV 3º e 4º: CA2.3
COMPRESIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES	F. É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS	É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir destes.	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.	É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.	CCNN 3º e 4º: CA2.2, CA1.1, CA1.2, CA1.3, CA1.4 EPV 3º e 4º: CA1.1
	G. É QUEN DE COMPRENDER UN TEXTO ESCRITO OU ORAL	É quen de comprender un texto escrito e un oral sen apoio, identificar a información precisa e sintetizala de xeito coherente.	É quen de comprender a maior parte dun texto escrito e un oral sen apoio e identificar a información precisa.	É quen de comprender un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de comprender un texto escrito e mostra dificultades cun oral.	LG 3º e 4º: CA2.1, CA4.1, CA4.2 LC 3º e 4º: CA2.1, CA4.1, CA4.2 EPV 3º e 4º: CA1.3
	G. É QUEN DE PRODUCIR UN TEXTO ESCRITO ORAL	É quen de producir un texto escrito e un oral coherente, axeitado comunicativamente e planificado.	É quen de producir un texto escrito e un oral, case sen apoio, coherente e axeitado comunicativamente.	É quen de producir un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de producir un texto escrito e mostra dificultades cun oral.	LG 3º e 4º: CA3.7 LC 3º e 4º: CA3.7 EPV 3º e 4º: CA1.2

DESEÑO DA TAREFA - FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características do contexto real da aula.		
A tarefa respecta a atención á diversidade.		
Os obxectivos foron axeitados para ser acadados con éxito.		
Os obxectivos propostos foron acadados.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación foron prácticos e eficaces.		
Os recursos empregados foron axeitados á tarefa planificada.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
A linguaxe empregada no deseño e planificación da tarefa foi a axeitada.		
A tarefa deseñada e planificada está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE- LISTA DE COTEXO

	SI	NON
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Conseguiuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
A temporalización das actividades foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Responduse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadoras para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		